



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (19/10/2016).

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de outubro do ano que andamos, na que o Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA fai referencia á pregunta relativa á relación concello-Albino Vázquez Aldrey. A pregunta formulada no pleno anterior non consta tal cal recollida na acta, senón que aparece chapodado o contido e a motivación da pregunta e pide que se recolla tal e como foi formulada. Pregunta por este señor, Albino Vázquez Aldrey, condenado a sete anos de inhabilitación por prevaricación no seu período no goberno do PP en Compostela, dimitido no 2013 despois de ser encarcerado por varios delitos nunha trama de corrupción que amañaba contratos públicos. Esta persoa frequenta a casa do concello, en concreto o despacho do Alcalde e pregúntase pola relación deste home co concello e co Alcalde. E repite, que co alcalde, a relación persoal con Carlos Martínez Carrillo non lle interesa en absoluto.

O Sr. Alcalde di que non hai problema porque vaia incluído. Pero entende que as preguntas dos plenos son para facer preguntas, non para lanzar un “spicht” e máis insinuando cousas que non teñen ningún sentido. Hai outros medios pra facelo.

A acta é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación do PXOM sobre das condicións de desenvolvemento do SUND-4 (Parque Empresarial do Concello de Vedra)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta da modificación do PXOM sobre das condicións de desenvolvemento do SUND-4 (Parque Empresarial do Concello de Vedra).

Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 21 de marzo de 2016, manifestouse a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), do ámbito de solo denominado SUN-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, situado neste termo municipal, nos termos do proxecto redactado para os efectos polo arquitecto Fermín González Blanco.

Considerando que a modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou a través da Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 10 de outubro de 2016, pola que se formula o informe ambiental estratéxico da mencionada modificación puntual e que foi publicado no DOG número 209 do 3 de novembro de 2016.

Logo de requiridos os informes sectoriais pertinentes e realizada a tramitación legalmente establecida, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, no ámbito de solo denominado **SUN-4 PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA**, nos termos que obran no expediente e no proxecto presentado, de data 19 de outubro de 2016, e asinado polo arquitecto Fermín González Blanco.

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de se-lo caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspende o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación, polo prazo máximo de dous anos.

4º.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que realizará as consultas previas no documento de alcance do estudo ambiental (de se-lo caso), dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos. Ao mesmo tempo o concello solicitará os informes sectoriais que lle correspondan.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o voto do seu grupo vai ser a favor, dado que por fin se decidiu a poñerse con este tema. Recorda ao señor Odón Cobas neste pleno hai un par de anos animándoo a poñerse con este asunto. Entenden que debe facerse así para poder ir dando forma e avanzar na implantación de empresas que poidan crear emprego e fixar poboación no concello e que queda aínda un longo percorrido. Cren que se tardou abondo, pero de non facelo así non se vai desenvolver o polígono, polo tanto o noso voto vai ser a favor.



O Sr. Pose Rodríguez di que era unha boa idea, como algunha vez xa comentou, pero a forma de plasmala é absolutamente desafortunada.

Piden que votemos a favor ou en contra tendo só dous días para ver o documento na fin de semana. A parte diso expón que xa é suficiente para dicirlles que non, o que máis preocupa é que vostedes deciden exonerar da carga social que viña recollida precisamente polos propietarios no PXOM, e deciden detraer a depuración da contorna para facilitarlles a vida aos empresarios.

Di que levan sete anos solicitándolles que o mesmo que fixeron cos empresarios, llo fagan aos veciños. Fagan vostedes plans puntuais, fagan modificacións puntuais do PXOM que eviten que a xente marche do concello.

Este proxecto é obra do arquitecto municipal. É dicir, págase con fondos públicos algo que é para elementos privados. Tendo o concello unha parte ridícula nese polígono e nunca se vai beneficiar do mesmo, e que nunha reunión cos empresarios, eles mesmos me recoñecían á miña pregunta de que cantos queren poñer aquí unha empresa, e creo que había un ou a metade dun. O que querían era recuperar os cartos negociando cos terreos.

O que era unha boa idea, esta mal construída.

O BNG-AA votará non.

O Sr. Alcalde di que como sempre intentan confundir e mesturar, aparte da demagogia que mostran nas súas argumentacións.

Respecto á súa primeira argumentación, houbo unha convocatoria para unha comisión informativa onde se lle dicía que o expediente, ao igual ca cando eu estaba na oposición e viña a velo con cinco, seis, sete, oito, dez días de antelación, cando se me convocaba viña ver o expediente. Con cinco días de antelación é cando vostedes o piden, e mandóuselles ao día seguinte escaneado. Polo tanto non me pida que lle faga o seu traballo.

En canto aos sistemas de depuración, todos estamos de acordo que os sistemas planificados no PXOM son inviables, dito mesmo pola propia administración autonómica, e estase solucionando cara os veciños uns sistemas moito máis viables, sostibles e que poidan chegar o máis pronto posible a todos eles, e tardarán tempo porque son actuacións custosas.

En canto a que só pensamos nos empresarios e nos veciños non. O inicio das modificacións do PXOM, e esta é unha delas, pero xa se levan feito varias que afectan aos veciños en si, e na gran modificación que queremos levar a cabo, xa iniciamos unha con ese informe previo coa valoración estratéxica previa da Xunta de Galicia, en relación ao tema dos núcleos, para saber tamén por onde van os tiros. Estamos actuando en todos as fronteas, non só cos empresarios, que por certo é fundamental para o desenrolo deste concello e á hora de fixar poboación, etcétera, etcétera.

Continúa expoñendo a Presidencia que o polígono desenvolveuse cun sistema de cooperación, onde os custes se repercuten despois aos propietarios das parcelas, co cal non mesturemos cousas e vamos a intentar desbloquear o tema do polígono para que se poida desenvolver.

Fala vostede de que só había un empresario interesado. Mire, esa é unha das preguntas feitas á cooperativa de empresarios de aquí, e os representantes, fará 2 ou 3 semanas, transmiten, mesmo por escrito que a gran maioría si está interesado no proxecto de poder desenvolver o polígono. É a palabra deles por escrito fronte ao que vostede está dicindo aquí. Despois será ou non, pero fíome dos dirixentes da cooperativa de empresarios.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA reitera que na reunión os empresarios dixeron que non lles interesaba implantar unha empresa e que lles interesaba a venda dos terreos.

O Sr. Alcalde di que non só é cantos deles implantarán unha empresa no polígono, senón que calquera persoa que queira montar unha empresa ten que ter un lugar para montala, sexa do concello ou doutros concellos. Polo tanto é fundamental para nós ter reservado e poder desenvolver un espazo industrial.

O pleno, con once votos a favor do PP e do PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos nº 29/2016.

Dáse conta do expediente número 29/2016 sobre modificación de créditos do Estado de Gastos do Orzamento municipal para o actual exercicio, no que se transfiren créditos entre distintas áreas de gasto por importe total de OITENTA E TRES MIL CINCOCENTOS (83.500,00) EUROS para facer fronte a obrigas a cargo desta Corporación relativas a gastos dos servizos sociais, promoción do deporte e gastos de mantemento das infraestruturas e da maquinaria de estradas e vías públicas.

O expediente tramitouse en virtude de memoria da Alcaldía de data catorce de novembro de dous mil dezaseis, e de decreto ditado como consecuencia da mesma, utilizándose como recursos para o seu financiamento:

- Baixa parcial de créditos nas aplicacións do estado de gastos do Orzamento municipal para o exercicio de 2016 que deseguido se indican, por poder prescindir de contraer obrigas con cargo ás mesmas, e polas contías necesarias para financiar as modificacións orzamentarias descritas:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
160-60901	Sumidoiros. Infraestrutura de saneamento	52.000,00
161-62300	Abastecemento de auga. Investimento en instalación	31.500,00
TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS PARA FINANCIAR A MODIFICACIÓN		83.500,00

No expediente aparecen informes de Secretaría-Intervención e demais regulamentarios, todos eles en sentido favorable.

Previa deliberación, considerando o carácter necesario e inaprazable das citadas obrigas a cargo da Corporación e que as transferencias que se propoñen non producirán perturbacións nos respectivos servizos nin nos intereses municipais, a Comisión de Economía propón o seguinte:

1º.- Informar favorablemente a proposta de modificación de créditos referida, mediante a baixa parcial de créditos nas citadas aplicacións que se minoran, da área de gasto 1 e transferencia dos mesmos ás aplicacións orzamentarias, das áreas de gasto 2, 3 e 4, que se reflicten na memoria da Alcaldía que motivou o expediente e que deberán consignarse nas mesmas co detalle e polo importe que a continuación se expresa:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-22799	Servizos sociais. Outros servizos	43.000,00
341-22606	Promoción do deporte. Cursos, reunión e outros	10.000,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



453-21000	Estradas e vías públicas. Mantemento das infraestruturas	30.500,00
	TOTAL EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRÉDITOS	83.500,00

Coas modificacións propostas, que non alteran a contía total do Orzamento, o resumo por capítulos do Estado de Gastos queda como segue:

CAPÍTULOS	CONSIGNACIÓN ANTES EXPTE.	AUMENTOS CRÉDITOS	BAIXAS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
1- Gastos de persoal	1.447.446,80			1.447.446,80
2- Gastos en bens correntes e servizos	1.544.674,89	83.500,00		1.628.174,89
3- Gastos financeiros	9.843,00			9.843,00
4- Transferencias correntes	44.833,00			44.833,00
6- Investimentos reais	1.209.311,48		83.500,00	1.125.811,48
7- Transferencias de capital	0			0,00
8- Activos financeiros	12.000,00			12.000,00
9- Pasivos financeiros	273.876,17			273.876,17
SUMAS TOTAIS	4.541.985,34	83.500,00	83.500,00	4.541.985,34

2º.- Que se continúe a tramitación do expediente co sometemento á aprobación do Pleno do Concello e, no seu caso, coa inmediata exposición ao público, para efectos de reclamacións.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, se considere definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos supostos, a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

O Sr. Alcalde di que a finais de ano, non só neste concello senón en todos os concellos, son normais as modificacións de crédito, xa que algunhas partidas quedan curtas e outras sobrantas e hai que facer movementos entre elas.

Neste ano hai unha serie de bolsas no ámbito das inversións, fundamentalmente creadas por as baixas en adxudicacións de obras e algunha outra obra pequena que non se vai acometer cara final de ano e trasládase para o seguinte.

Con iso podemos atender a temas de servizos sociais, que son temas que sempre van quedar abertas ano tras ano, como a dependencia, etcétera. Comézase cunha partida e acábase con outra moi superior (horas extra, baixa, substitucións... ao igual que outras partidas quedaron un pouco curtas. Non son cantidades grandes para un orzamento superior a 4.000.000 de €, son modificacións de crédito de 83.000 € que son necesarias para o desenvolvemento do concello.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE expón que foron fundamentalmente para o incremento de servizos sociais. A nós parécenos ben que se producira, que se incrementen as altas de dependencia, pero foron en ano electoral. Foi unha medida electoral, porque algúns deles levan moito tempo esperando. Este ano a Xunta de Galicia abriu a man porque había que gañar unhas eleccións, que finalmente gañaron, e entendemos que isto xa tiña que estar contemplado nos orzamentos. A parte de que xa lle dixemos máis dunha vez, que sendo responsabilidade do goberno autonómico, non cubre os gastos que custa o servizo, e como sempre imos os concellos a arranxar o



problema. Tamén expón que lle dixemos que reclamase ese importe, supoñemos que non o fixo, provocado polos recortes en Madrid.

Sácanos de inversións e di que non se deixan de facer obras. Hai algunhas urxentes, non sei se lles darán saída ou non, e se contarán con nós agora que vén o novo POS con 600.000 €.

Polo tanto, di, o noso voto vai ser en contra.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di que o das contas non é o seu e diríxese á Presidencia expoñendo que se ve incapaz de conter o gasto. incrementou o gasto de persoal nun 10% e en gastos correntes tamén máis dun 10%. Destinou a metade do POS da Deputación a gasto corrente, e con todo iso foi incapaz de axustar as contas do gasto. Por outra parte, desprezou propostas do BNG-AA para reducir o gasto enerxético e a dependencia enerxética, pero mentres tanto, segundo os datos a día de hoxe, o gasto enerxético vai en aumento.

Vostede cita constantemente como actuacións prioritarias do seu goberno o saneamento e o abastecemento, e resulta que deixa de executar neses capítulos oitenta e tantos mil euros nesas actuacións que para vostede son prioritarias. E todo debido á incapacidade de cubrir eses excesos de gasto.

Di que non se pode culpar do desvío á baixa laboral dunha traballadora da ludoteca, e cuestiona outra serie de gastos moi diversos e determinadas asistencias técnicas.

O diagnóstico que vostede fai do gasto, non só é equivocado, senón que é indecente.

O Sr. Alcalde di que non vai entrar nun debate estéril que non vai levar a ningún lugar. Vós tedes un punto de vista e nós outro eminentemente práctico e de xestión e cita dúas cuestións:

En relación ao PSdG-PSOE. O que falaba do saneamento da parroquia de Vedra, para solucionar o tema do colexio, dicirlle que xa levamos un tempo traballando niso. De feito, a cuestión é ter o proxecto antes de fin de ano, pero iso leva o seu tempo, e preguntar en Augas de Galicia, buscar terreos para a depuradora, levantamentos topográficos etcétera, etcétera.

Esperemos que queden solucionados antes de fin de ano. Iremos vendo as fases, e dende logo a do colexio é prioritaria e poder acometela o ano que vén.

En relación ao BNG-AA. Non vou entrar nun debate estéril. Un incremento dun 10 % en gastos de persoal, moitas veces vén dado polos programas doutras administracións públicas que teñen que ver co persoal. Cando a Xunta de Galicia ou a Deputación de A Coruña manda unha brigada, iso computa como gasto de persoal evidentemente. Non só é o persoal de aquí, senón o que mandan desas administracións.

Posta a votación, prodúcese un empate a 6 votos na primeira votación con seis votos a favor do PP e seis votos en contra de PSdG-PSOE e BNG-AA, e repetida esta apróbase co voto de calidade da Presidencia.

4º.- Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016.

Dáse conta do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno núm. 3/2016, instruído en virtude de providencia da Alcaldía de data 14/11/2016, pola que se estimou a necesidade de tramitar o recoñecemento de créditos para as facturas que se relacionan deseguido:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Núm. RCF	Data Entrada no RCF	Núm. Factura	Data Factura	Importe	Nome Terceiro	Texto explicativo do servizo/subministro
F/2016/1456	07/06/2016	307	18/01/2016	1.400,00	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	Servizo de arbitraje da liga local de fútbol sala período 01/10/2012-31/12/2012
F/2016/2322	07/09/2016	71	31/07/2016	2.541,00	Sirtelco, S.L.	Subministro -instalación equipo informático para gravación plenos municipais e reprodución por streaming (oferta de 2014)
			TOTAL (€)	3.941,00		

Tendo en consideración o informe de Intervención de data 14/11/2016, emitido en sentido favorable, no que se especifican as aplicacións orzamentarias afectadas:

Núm. Factura	Data Factura	Importe Total	Nome Terceiro	Texto explicativo	Aplicación	Aplicación
307	18/01/2016	1.400,00	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	Servizo de arbitraje da liga local de fútbol sala período 01/10/2012-31/12/2012	341-22609	
71	31/07/2016	2.541,00	Sirtelco, S.L.	Subministro - instalación equipo informático para gravación plenos municipais e reprodución por streaming (oferta de 2014)		920-62600
	TOTAL (€)	3.941,00			TOTAIS (€)	1.400,00 2.541,00

Considerando, así mesmo, o informe - proposta emitido pola Secretaría con data 15/11/2016, para proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos para a aprobación das citadas facturas, presentadas no rexistro contable de facturas no exercicio 2016 pero relativas a servizos e subministros efectivamente realizados en exercicios anteriores ao actual, e aplicar ao exercicio orzamentario vixente as correspondentes obrigas.

Polo anterior, e en función do disposto nos artigos 26.2 c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2016, correspondente a gastos por servizos e subministros realizados nos exercicios 2012 e 2014 e polos importes e demais termos detallados no expediente.

SEGUNDO. Tramitar de maneira paralela o expediente de modificación orzamentaria esixido no informe de Intervención (expte. de modificación de créditos núm. 29/2016).

TERCEIRO. Recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos descritos no expediente, polo importe total de TRES MIL NOVECENTOS CORENTA E UN (3.941,00) EUROS, con cargo ao Orzamento do vixente exercicio 2016 e con rexistro contable nas aplicacións orzamentarias especificadas no mesmo.

Posta a votación apróbase con seis votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG-AA.

5º.- Acordo, se procede, sobre declaración de especial interese ou de utilidade pública nas solicitudes de bonificación do IBI nas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.



Visto o disposto no artigo 14.- Bonificacións da Ordenanza Fiscal número 1, reguladora do IBI nos termos da modificación aprobada por acordo plenario de data 20 de xullo de 2016 e publicada no BOP número 184 do 27 de setembro de 2016.

Tendo en conta o disposto no punto 7 do mencionado artigo que establece: gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles rústicos nos que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto.

Vistas as solicitudes achegadas por don José Alvela González e polos herdeiros de don Camilo Neira Parada, e a documentación que ás mesmas se achega, propónse:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude achegada polos herdeiros de don Camilo Neira Parada por non axustarse ao disposto na modificación da ordenanza fiscal mencionada ao tratarse de IBI urbano e non rústico.

SEGUNDO. – Estimar a solicitude achegada por don José Alvela González no que se refire á referencia catastral 001101900NH43F0000MU, e por conseguinte a bonificación do 95 % do recibo do IBI do ano 2017 da mencionada referencia, ao ter achegado e quedar acreditado que cumpre os requisitos.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo na forma prevista regulamentariamente e dar traslado á administración responsable da recadación do IBI para os efectos oportunos.

Dona Beatriz Amenal do PSDG-PSOE di que foi unha moción á que lle puxeron moita ilusión, coa intención de que saíran o máximo número de persoas beneficiadas. Só é unha persoa a que se pode beneficiar. Pretendíase que fose en calquera tipo de solo pero vostedes insistiron en que fose só en solo rústico. Imos insistir neste punto para o ano. Nun ano no que o concello vai recadar 200.000 € máis polo castastro. Era unha medida para paliar o efecto que tiña neste tipo de explotacións e facémoslos responsables de que non houbera máis persoas beneficiadas.

O Sr. Alcalde quere facer unha aclaración. Para Vedra non chega aos 100.000 €. Son 90.000 € aproximadamente. 200.000 € é a cifra que pden supoñer os atrasos, e é unha cuestión puntual.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

6º.- Aprobación, se procede, sobre moción do BNG - A.A Vedra para a creación dun Plan Actuación de Enerxía Sustentable (PAES) Concello de Vedra.

Declárase a urxencia deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA fai unha exposición do contido da moción e di que a razón de ser da urxencia é polos prazos para solicitala. Se se aproba hai que poñerse a traballar para que na 2ª quincena de decembro poidamos optar a este proceso que pode supoñer para Vedra un orzamento de 200.000€. Propón facer unha mesa de traballo



sobre o tema e ofrece a posibilidade de que a xente que botou unha man veña a explicalo.

Trátase de deseñar un PAES (Plan actuación enerxías renovables) para o concello de Vedra. O 3 de marzo de 2016 publicouse no DOG a orde do 26/04/2015 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e faise pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Xa estamos fóra de prazo pero a Xunta de Galicia convocou unhas axudas para a realización de proxectos.

O Sr. Alcalde di que si está solicitada esta axuda e está concedida, pero houbo que renunciar a ela para non saír prexudicados na seguinte convocatoria.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que vai volver saír na segunda quincena de decembro e que a idea é presentar un proxecto básico e o que aportamos é a axuda dende os alumnos do máster de enerxías renovables da facultade de físicas da USC. Trátase de presentar un proxecto básico para que nos dean cartos para construír un proxecto que vén sendo unha actuación de enerxía sustentable para o concello de Vedra dentro do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 que apoiará entre outros os seguintes eixes prioritarios:

Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.

Promove o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais.

Eixe urbano.

Eixe de asistencia técnica.

Di que hai que aproveitar que agora Galicia é prioridade 1, para o ano non o vai ser, e de non facelo agora é probable que non se teña esta oportunidade para o ano.

O BNG-AA pretende que o concello de Vedra realice o percorrido completo, é dicir, preparar un proxecto básico, que lle permita acceder aos fondos que se convoquen no marco do Plan Estratéxico de Galicia para realizar o proxecto técnico que permita estar preparado para cando se convoquen as outras liñas de axuda, solicitalas con garantía de éxito.

A intención do PAES concello de Vedra é a de visualizar e pór en valor diferentes localizacións do concello a través dun plan de Acción Enerxía Sustentable, para converter Vedra na primeira Comunidade Sustentable da comarca e modelo de reproducibilidade cara á implantación do Plan Estratéxico de Galicia (2016-2020) en todo o territorio.

Os obxectivos do PAES serán:

Fomentar as enerxías renovables, desenvolvemento sostible da zona rural, valorización dos terreos co modelo Nexus, a creación de emprego inclusivo e a fixación de poboación nova. E para ter éxito incluírá unha auditoría enerxética do concello (custo aproximado de 300 € de facela un alumno do máster de enerxías renovables da facultade de físicas; realizar propostas innovadoras NEXUS: iluminación, mobilidade sostible, enerxía sostible innovadora, enerxía auga-terra.

En colaboración coa USC presentamos un documento na web voceirovedra.com onde expoñemos as nosas propostas para cada un destes puntos, sendo a adquisición dun



autobús eléctrico e a realización dunha planta de enerxía distrital para quentar o centro da terceira idade, o colexio público e o pavillón de deportes, obxectivos prioritarios.

O Sr. Alcalde pregunta se é obrigatorio presentar todos os puntos.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que lle parece que si, se se quere ter éxito no financiamento FEDER. Parece ser que o truco está aí.

O Sr. Alcalde di que teñen iniciadas varias liñas de actuación en canto ao tema do aforro enerxético que ao mellor non son incompatibles con ese plan e que se poden discutir na mesa de traballo. De feito o da planta distrital, aínda que lle pareza mentira, xa hai un ano que se estivo mirando.

Di que non vai haber problema en montar a mesa de traballo e que se verán todas as cuestións nela.

Era unha subvención de catro mil e pico euros que foi comunicada a mediados de setembro e había que telo feito para novembro, e logo de falar con eles dixéronlles que se se renunciaba agora iso non os prexudicaría á hora de acceder a unha nova convocatoria.

Pola súa parte non vai haber ningún problema e di que xa hai algunha auditoría feita pero non sabe se está centrada nalgúns deses aspectos, pero non é unha cuestión de cartos tampouco.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que é por isto que o BNG-AA solicita o apoio do pleno para acadar o seguinte acordo:

Crear unha mesa de traballo do PAES Vedra onde estean representados todos os grupos políticos que participan no pleno, o arquitecto municipal, así como os asesores e técnicos necesarios para planificar todo o proceso e permitir crear o documento base antes da segunda quincena de decembro.

Aprobar a realización dunha auditoría enerxética (fundamental para optar ao financiamento do proxecto técnico) a través do máster de enerxías renovables da facultade de físicas da USC.

Dotar á mesa de traballo PAES Vedra con capacidade de toma de decisións, activa e con reunións periódicas (mensuais ou bimensuais) durante a duración do proxecto.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que están de acordo en sacala adiante e que xa se verán na mesa outras propostas aconsellados polos técnicos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

En relación á pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre da masa común chea de maleza á beira do campo de fútbol do Coto, a Presidencia contesta que xa teñen o ok para sacar a maleza da mesma e mesmo o montón de terra.

En relación á pregunta de dona Beatriz Amenal sobre o colector amarelo cheo de vidro a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que xa está recollido e dálle as grazas polo aviso e que seguirán con campañas de concienciación para evitar que estes casos sucedan.

Dona Beatriz Amenal di que o que pretendía saber é se ese colector ten recollida selectiva de envases porque ten as súas dúbidas.

En relación á pregunta de dona Beatriz Amenal sobre o Miradoiro de Sales a Presidencia di que agora están pendentes dun informe xurídico do Sr. Roibás porque xurdiu a reposición da legalidade en referencia ás licenzas concedidas, pero non saben o



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



que pasa co proxecto de urbanización aprobado e co proxecto de compensación aprobado, polo que están á espera do informe xurídico.

Pero acordada a reposición, en principio, aí legalmente ou procede á demolición ou tería un pequeno prazo INVERGAR Participaciones Inmobiliarias SL, que é o propietario que figura agora mesmo, para legalizar as obras, situación que non se vai dar. Estaríamos entón logo na orde de demolición. Cando se ordena a demolición hai varias opcións: que o fagan eles, pouco probable, e a partir de aí hai unha execución forzosa ou unha subsidiaria que tería un custe moi elevado para o concello que tería que calcular no seu momento.

Nunha execución forzosa, que é o que pretenderá, mediante a imposición de multas, que se non se pagan pasa a executiva e pode acabar coa subhasta das parcelas ou coa adxudicación das parcelas. De feito parte das multas que ten a empresa xa se están executando sobre as parcelas.

Se mañá houberse unha execución subsidiaria non sería tan custoso, pero espera non chegar a ese momento delicado no que o concello teña que asumir os custes de demolición.

En relación á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre da pista municipal a Presidencia di que xa está anotada para metela na planificación de 2017.

En relación á pregunta do Sr. Lago Lestón sobre o plan de defensa e loita contra os incendios forestais a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que cando estea actualizado xa o avisarán para pasarllo.

En relación á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a relación de don Albino Vázquez Aldrey co concello de Vedra e co Alcalde, como alcalde non como persoa, a Presidencia di que non ten relación ningunha co concello nin co Alcalde, como persoa si ten unha relación de amizade como compañeiros de partido dende hai anos.

En relación á pregunta do Sr. Castro Rocamonde sobre a vinculación da empresa Escayolas Piñán coa concelleira María Jesús Piñeiro Caldelas presidencia di que é irmán dela e que son contratos menores, obras menores, polo tanto coa existencia do orzamento previo e aceptado, feita a obra coa factura, págase.

Quere aclararlle que:

Primeiro: están a falar de escaiolistas, que non hai en Vedra.

Segundo: que se pediron outros orzamentos e ese era o máis económico.

Terceiro: respecto a que da mesma obra e no mesmo día se pasaron dúas facturas distintas, di que o orzamento desa obra si era en conxunto, pero por unha cuestión de facturación electrónica mandou as facturas separadas.

En relación á pregunta do Sr. Castro Rocamonde sobre o incendio no verán en San Xián de Sales, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que é certo que despois de estar extinguido, o organismo competente (a Xunta de Galicia a través do distrito forestal 3 de Ordes, enviou unha pala que pola noite fixo algún cortalume de seguridade e produciu algúns danos que afectaron a fincas con plantación de árbores. Algúns dos propietarios xa pasaron polo concello nos días seguintes ao lume para comunicalo e mesmo se lle fixo algunha tramitación directamente á Xunta de Galicia para paliar eses danos. Aínda así faranse as xestións precisas para resolver este problema.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



En relación á pregunta do Sr. Castro Rocamonde sobre a documentación das foxas sépticas (memoria, estudo da xestión de residuos, facturas, etc) a Presidencia di que ten solicitado a información a Viaqua, porque son os que facturaron en relación ao tema dos baleirados e tan pronto como a teña no seu poder comunicarallo.

En relación á pregunta do Sr. Castro Rocamonde sobre o plan de igualdade de oportunidades da muller do concello a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Lema Mougán que di que o plan de igualdade que comezou no 2009 ata o 2013 que segue prorrogado e en vigor. No próximo ano farase unha reforma do mesmo e citaranse os distintos grupos políticos, axentes sociais etcétera para acometer a reforma.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez DO BNG-AA sobre as axudas a entidades locais para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental, que xa quedou contestada antes.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez sobre a previsión demográfica para finais de ano, a Presidencia di que está convencido de por riba dos 5.000 habitantes.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez sobre o técnico que fai orzamentos de proxectos cun 40% de sobrevaloración a Presidencia di que están correctamente feitos. Nesta e noutras administracións usan as bases de datos de prezos de Galicia. Nas pistas de Agader creo que incluso obrigan a usar as bases de datos dese área.

Son eses técnicos os que revisan as obras e levan o control das mesmas, e nas obras da Deputación e da Xunta de Galicia existe un control por parte de técnicos desas administracións na recepción das obras e mesmo veñen fisicamente a comprobar as obras, e xa nas últimas se están adjudicando controis externos e internos de calidade con empresas externas que os fan.

En calquera o Sr. Secretario falará do que é unha baixa temeraria, porque non existiron, xa que aplican o que establece a normativa que rexe eses casos, e recórdalle que son baixas habituais en todos os concellos gobernados por todo tipo de grupos políticos. Mesmo a Deputación de a Coruña gobernada polo PSdG-PSOE e BNG-AA, este ano pasado no caso dos procedementos negociados incluso sacaron unha segunda volta para que as empresas baixaran aínda máis os prezos. Teño a sensación de que se fose ao revés tamén nos criticarían; se non houberse baixas dirían que mal xestionamos, etcétera. A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que as baixas temerarias están reguladas no artigo 152 da Lei de contratos e concretamente no artigo 85 do RDL que aproba o Regulamento de contratos nas administracións públicas do ano 2001.

A fórmula é un tanto complexa e ademais depende do número de empresas que participen. Con esa fórmula, aquí en concreto, a facultade de matemáticas da USC fixo unha fórmula para calcular estas baixas e iso pasou á Deputación, que fixo un programa informático para o cálculo das baixas. Iso é o que aplican os técnicos aquí, co cal non é unha cuestión de moita marxe de manobra, senón que xa vén dado.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez sobre o rexistro previo do control da calidade das obras de asfaltado propio do concello, a Presidencia di que os asfaltados están vinculados a subvencións doutras administracións, polo que xa está contestado nunha pregunta anterior. Se fala polo feito pola brigada de obras do concello, nós



confiamos no traballo que fai, e si que a veces contrátase con fondos propios do concello e algúns asfaltados están supervisados polos técnicos.

En relación á pregunta do Sr. Pose Rodríguez sobre o mecanismo que se empregaba no plan de loita contra os incendios forestais, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que o mecanismo que viñamos usando foi o mesmo que se viña desenvolvendo en anos anteriores e consiste basicamente, polas competencias que nós temos, en poñer todos os medios dispoñibles do concello (Protección Civil, voluntarios, camión de incendios, cisternas, etcétera) a disposición do centro coordinador do Distrito 3 de Ordes eu depende da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, porque son eles os que teñen competencias para levar a dirección técnica das emerxencias, e son precisamente eles, a través do xefe de distrito, os que coordinan todos os medios dispoñibles. Son, tamén, os que indican onde e como actuar e se precisan dos medios municipais ou non, como foi o caso do incendio de San Xián no que se usaron dúas cisternas e o camión, pero sempre baixo a súa orde. Así é como funcionaba todo isto. A cadea de responsabilidade polo tanto é Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural, centro coordinador do Distrito Forestal 3 de Ordes a través do xefe de distrito, director de extinción e por último técnico de Protección Civil de Vedra.

Toda a regulamentación ao respecto está establecida na Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que atribúe competencias tanto á Xunta de Galicia coma aos concellos.

En todo caso, seguiremos mellorando todo o que poidamos.

8.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE fai os seguintes rogos:

1º.- Solicitamos que se tramite a modificación puntual do PXOM para que se poida parcelar en N-2, concretamente o artigo 116, xa que a nova Lei do solo de Galicia di que prevalece o que diga o PXOM sobre o que diga a lei.

Atopámonos con veciños que non poden parcelar neste tipo de solo e xa que agora cambiou, entendemos que tramitar unha modificación puntual dun artigo do PXOM vai ser algo rápido e que se pode solucionar.

A Presidencia contéstalle que precisamente están con iso. Hai esa posibilidade de modificar ese texto, e aproveitando van modificar para que veña aprobado o máis rápido posible e que xa está en marcha.

2º.- Hai un ano solicitamos que botaran “zahorra” nunha pista que vai polo lado dunha leira de Andrés Iglesias Rubio cara unhas fincas de monte, e pasando o domingo por alí tiña aparcado un tráiler ocupando toda a pista forestal. Deberían delimitala con “zahorra” por se atende a deixala libre porque non hai por onde pasar.

3º.- Solicitamos unha tubaxe para o paso das augas que baixan do monte no fondo da corredeira que vai de A Torre a Quintáns, onde se iniciou o incendio e veremos o que vai pasar este ano cando empecen a baixar as augas con todo o que poidan arrastrar.

-- O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:

1º.- Revisando a acta da Xunta de Goberno do 15 de novembro de 2016 aparece a nome de Celia Alegre Maceira unha factura co concepto “traballo do arquivo municipal” cun importe de 2783,00 €.

Que está a facer? Canto vai durar a subvención? De canto é a subvención? Vai ter continuidade? Tivo publicidade ou non? Adxudicouse de forma directa?



Como en principio se dixera que co tema do arquivo municipal non ía haber unha persoa contratada, chócanos ver que está a facer este tipo de traballos e se vai ter continuidade. Supoño que non, que o arquivo municipal cubrirase con persoal do concello.

2º.- Recórdolle a acta do pleno do 23 de setembro de 2015 na que facía unha pregunta sobre o campo de fútbol de Vedra. Preguntáballe quen o tiña. Dixeron que pertencía ao concello e propuxémoslle que o destinaran ao Club Olímpico de Vedra para realizar os seus adestramentos e respondeume no seguinte pleno que falara coa directiva do club e que estaban sorprendidos con esta proposta dicindo que os directivos do Club Olímpico tamén falaron con el e lles sorprendeu esa proposta, e que o equipo de goberno é coñecedor desa necesidades, pero que hai que ver as capacidades do concello, as necesidades e as realidades que existen, existindo alternativas; de feito estase a estudar unha delas, que se ben estaría no termo municipal non na parroquia de Vedra, e con isto non quere dicir que o campo de fútbol non teña usos compartidos. De calquera xeito di que non vai haber discusións políticas neste tema.

O que me sorprende é que hai un ano a proposta pareceulle ridícula e agora aparece nunha mesa de traballo cun esbozo dunha obra que se vai facer e que en principio vai beneficiar a ese club. Cónstame que pediron eles o campo, o que lle choca é que hai un ano non valía e agora si. Alegrámonos moito. Xa o levaban pedindo hai anos e particularmente como pai dun dos membros do club. Espera que non se queiran apuntar o tanto.

De onde van saír eses cartos? Porque é un proxecto bastante ambicioso.

A Presidencia contéstalle que non é que pesamos unha cousa antes e unha diferente agora. Actuamos falando coas partes interesadas sempre. Intentamos colaborar con todos os movementos asociativos, culturais, deportivos, etcétera que existen en Vedra. Primeiro falar con eles e ver que ideas teñen eles.

Hai un ano, non sei se xa era de titularidade municipal ou non, había unha xente, antigos directivos do C.F. Vedra, que estaban alí traballando, coidándoo, etcétera e que hai que ter sensibilidade con todo o mundo. Era o campo de fútbol de Vedra e a directiva do Olímpico transmitiu que non querían ter ningún conflito cos veciños da parroquia.

Houbo un momento no que o Olímpico pensou noutro lugar. Durante ese tempo desbloqueáase a situación e buscouse un xeito de compatibilizar todo; o anel para adestrar atletismo e ciclismo e un campo de F-7 no interior.

En canto aos custes di que se pode ter feito en poucos anos. Completo é asumible e teñen que aproveitar os recursos que o campo lles dá e facéndoo por fases. Todo isto baixo a opinión das persoas máis interesadas e de acordo con todo o mundo. Ese anel era factible de facer, e hai unha demanda de pistas de pádel e a xente vai xogar ao pádel fóra, a outros concellos e parece ser que encaixa tamén unha pista desas características.

O Sr. Lago Lestón di que é unha mágoa que non contactaran con eles para explicarlles o proxecto.

3º.- Chegou ás casas unha carta asinada polo Alcalde na que se pedía aos veciños/as que se empadroaran. Chócame que aínda que está escrita de xeito cordial, parece que quere meterlle o medo no corpo aos veciños e tamén parece que encima se lle bota a culpa da mala xestión do concello nos últimos cinco anos e medio no referente ao asentamento de poboación que leva a cabo.

Di nela das consecuencias negativas de que imos perder 100.000 € e sabemos que a xente aínda vivindo en Vedra ten motivacións para estar empadroada noutro lugar e pon como exemplo o tema médico. O exemplo está moi ben, pero non é a única cousa que demandan os veciños. Demandan un bo saneamento e abastecemento, transporte,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



axudas en vivenda, bolsas para estudantes, moitas cousas. Propostas que o BNG-AA e nós lle fixemos moitas veces e que se nega a escoitar.

Esta carta parece unha solución tardía para remendar a nefasta política dos últimos cinco anos.

Pediunos aos dous partidos que participamos nunha mesa de traballo e xa lle comunico que non imos asistir porque o traballo había que facelo nos últimos cinco anos para intentar asentarse a poboación. Non o fixo e agora veñen as prásas e a repartir a culpa. Con nós non conte.

Ten que asentarse a poboación pero non practicamente obrigándoos a empadroarse e ir polas casas. Hai que asentala cunha boa política económica.

-- O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA fai os seguintes rogos:

1º.- A resposta do Sr. Lema Mougán ao plan de igualdade deriva nun rogo. Para o Sr. Lema Mougán o plan do 2009-2013 está vixente cando rematou no 2013, pero como non hai outro segue estando vixente.

Este plan ao remate da súa vixencia no 2013 precisaría dunha avaliación que non se fixo. Esta situación denunciámola en campaña electoral hai 18 meses e a reacción do goberno foi denegar o acceso na web a este plan, porque era un ridículo.

Hai un ano nun rogo que fixemos nun pleno poñiamos o exemplo de Teo de crear mesas de traballo para renovar os plans os que o tiñan ou crealos. Un ano despois seguen sen ter nada. A resposta é que se van poñer a traballar. Alégrome de sexa certo. Entendemos que repartir flores un día no ano non son as propostas nin as accións que se necesitan para acadar a igualdade.

2º.- Gustaríame que organizara unha xornada informativa sobre a Lei 19/2013 de transparencia e acceso á información pública e bo goberno. Con expertos gustaríame compartir esa xornada os dous, a ver se somos capaces de poñernos de acordo a que documentación temos dereito a acceder os veciños de Vedra e a oposición. Porque as solicitudes de documentación e consulta de expedientes enceréllase nelas e ao final non nola facilita. Por exemplo coa documentación solicitada sobre a xestión dos residuos das foxas sépticas, que llo levo pedindo dende marzo e segue a darlle voltas. Dígame que non teñen nada e rematamos a comedia.

3º.- Rógolle que nas obras financiadas polo concello que poña o correspondente cartel informativo segundo a normativa. Ao mellor sabe porque lle fago este rogo? Pois igual cas obras doutras administracións para que a xente saiba a quen se lle adxudican, por que procedemento, quen é o proxectista e quen as dirixe, quen leva o control e o orzamento por suposto.

4º.- Esta fin de semana é a festa en Illobre e os veciños pediron se para eses días podían limpar as cunetas nos arredores da igrexa e campo da festa. Como está iso?

5º.- Pregunta relativa ao convenio que asinou o concello con augas de Galicia para a execución do saneamento no rural: Cal é o estado de execución no 2016? Quen é a persoa encargada designada polo concello para facer o control da execución?

6º.- Pode dar datos das propiedades que posúe o concello nos cemiterios do termo municipal?

7º.- A brigada de obras estivo executando un peche que había en Sarandón na estrada da Deputación. A dúbida é: é de titularidade privada ou pública? Está rematado?

8º.- A depuradora de Neira en San Mamede responde a eses sistemas de depuración inviables ou é outra cousa?



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



-- O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA dálle as grazas polo bo traballo feito no Cuturgal. É real sen sarcasmo. 1º.- No xornal La Voz de Galicia sae publicada unha nova con data do 23 de novembro de 2016 que di o seguinte: “En cambio, ayuntamientos como Órdenes, Santa Comba, etcétera y Vedra han incrementado el importe de sus facturas sin pagar.” É certo isto ou equivocouse a xornalista?

Porque saben que os cartos que manda a Deputación nesa forma de POS unificado, uns 700.000 €, que ten pago prioritario as débedas quedemoren máis de dous meses.

2º.- Como vai o mantemento e xestión das depuradoras de Vedra?

Que empresa é a encargada de realizar as análises?

Que empresa realiza o mantemento, seguimento e manipulación das mesmas?

Existe algunha fóra de uso?

3º.- Están traballando sobre a modificación do PXOM e non se convocou a comisión informativa de urbanismo, que era algo que viña facendo.

A Presidencia contéstalle que primeiro hai que solicitar o informe que nos piden, ambiental- estratéxico, etcétera e que cando nos respondan é cando se fará a comisión.

Cales son as vías que están traballando no PXOM?

Por último, failles un rogo. Se teñen que volver entregar unha modificación ou un documento importante non mo dean cinco días antes para revisalo.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos.